


NOTA DE PRENSA

BOSCO CARIDE

Indicios



1

Bosco Caride. *Sen título*, 2023. Óleo sobre panel de aluminio, 65 x 81 cm.

21 marzo – 15 setembro 2024

Salas frontais e Galería B3, 1º andar

Comisariado: Jaume Vidal Oliveras

Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

PRESENTACIÓN

A exposición de **Bosco Caride** (Vigo, 1963) xira ao redor de un só e único motivo: estados atmosféricos ou gasosos (nubes, fume, vapores...) que se presentan sen ningunha referencia espacial ou contexto. Para o artista, este tema é unha afirmación da pintura e relaciónase coa grande tradición da paisaxe. Turner, Constable, por citar os pioneiros, que ao igual que xeracións posteriores e os impresionistas, inspiráronse nas nubes e descubriron nelas unha dimensión plástica. En efecto, Bosco Caride traballa coidadosamente estes “estados atmosféricos ou gasosos” en tanto que composición, veladuras, cor... á fin e ao cabo, como especulación formal ou pictórica, que é un dos aspectos máis sobresaíntes da súa obra.

Non obstante, o título da exposición, *Indicios*, literalmente “sinal de algo”, “índice”, introduce a idea de “algo” máis ca un simple formalismo ou unha expresión abstracta. Este algo non é visible e está oculto no cadro –ou fóra del–, pero é a causa real do “fume”, que non é outra que a explosión, o drama, o conflito, a contaminación... En definitiva, existe unha dimensión simbólica, talvez política, que dá sentido e sobrevoa a obra de Bosco Caride.

A de Caride é unha obra aberta que posúe moitos niveis de lectura porque os seus “efectos atmosféricos ou gasosos”, como a noite ou as néboas do norte para os románticos, non son unha ausencia, senón unha producción de sentido: é o mundo da suxestión ou a chave da imaxinación. Pero por riba de todo, por esta mesma razón, Bosco Caride responde á idea da arte como contemplación. El identifícase cunha tradición contemporánea que, áinda que con diferentes sensibilidades, entende a pintura como reflexión, un espazo de silencio, un dialogo cara a cara coa obra de arte.

2



Bosco Caride. *Sen título*, 2023. Óleo sobre papel, 29,7 x 42 cm.

TEXTO CURATORIAL

“O proxecto que Bosco Caride presenta no MARCO de Vigo significa un cambio de orientación con respecto aos seus primeiros traballos ao mesmo tempo que a culminación duns intereses que iluminaron toda a súa traxectoria. Trátase dunha obra baseada nos matices de cor, pero que expresa tamén fondos contidos, que se entende como un espazo de meditación, o que a vincula a toda unha tradición contemporánea que vai do romanticismo aos monocromos de Mark Rothko.

Dende os seus inicios, o traballo de Bosco Caride soubo conciliar nunha fecunda síntese dualidades ou contrarios. Binomios que a historia da arte tratou habitualmente como incompatibles ou enfrentados: fotografía/pintura, forma/contido, beleza/sinistro, representación/abstracción...

Fotografía/pintura

Nas series realizadas na década de 2000, ‘Paisaxes construídas’ ou ‘Recordos da miña cidade’, Bosco Caride traballaba con óleos, acuarelas e grafitos, paisaxes e elementos urbanos inspirados en fotografías. Eran visións residuais e deshumanizadas, contaminadas polo desasosego, un pouco ao xeito do cineasta Michelangelo Antonioni. No seu momento, foron cualificadas, dun modo un tanto precipitado, de pop ou hiperrealistas. Non obstante, o interese destas series radicaba no modo en que o artista transformaba a fotografía en pintura.

No caso da obra que nos ocupa, ‘Indicios’, o procedemento é o contrario: case se diría que a pintura se converte en fotografía en virtude da mestría con que utiliza o aerógrafo. Efectivamente, este instrumento, unido ao emprego de papel fotográfico e aluminio como soportes, introducen unha ambigüidade intencionada entre imaxe fotográfica e pictórica.

3

Beleza/sinistro

Bosco Caride busca a beleza plástica. É un pintor que traballa e coida a forma e que entende a arte como o lugar da utopía. Pero nas súas obras hai tamén unha dimensión inquietante que se albisca polo reverso do cadre. O belo e o sinistro fúndense no seu traballo porque dende o romanticismo a condición da beleza moderna é a escuridade. Un horror velado, agochado tras as capas de pintura que envolven as súas paisaxes. Este xogo de veladuras e transparencias de Bosco Caride deixa presentir unha dimensión sinistra á que nunca se alude explicitamente, pero que está aí, sempre presente. Unha inquietude que tamén se manifestaba, aínda que de diferente xeito, nas desacouantes paisaxes urbanas antes mencionadas.

Representación/abstracción

As nubes son formas abstractas? Éo o fume? Os impresionistas, preocupados por transmitir directamente a experiencia visual, dirixíronse a estes motivos especialmente intanxibles, fugaces, como os reflexos da auga, a humidade do aire, a reflexión da luz nas superficies...

TEXTO CURATORIAL

A pintura de Bosco Caride recupera esta problemática: os seus cadros de nubes ou fume, sen ningunha referencia espacial, motivo corpóreo ou horizonte, son representacións de fenómenos naturais? ou, pola contra, son formas abstractas? A audacia de Bosco Caride é manter este xogo entre a mímese e a abstracción, que tamén aparecía noutras etapas do artista, como no caso da serie ‘Refuxios’ (2008), na que recorría constantemente a estruturas modulares e fachadas en retícula coma se se tratase dun cadre de Mondrian.”

Jaume Vidal Oliveras, comisario da exposición



4

Bosco Caride. *Sen título*, 2023. Óleo sobre papel, 29,7 x 42 cm.

Jaume Vidal Oliveras é historiador e crítico de arte. Na actualidade é profesor de Arte Contemporánea na Universitat Autònoma de Barcelona, e colabora habitualmente como crítico de arte en *El Cultural*, entre outras publicacións.

BOSCO CARIDE. *Indicios*

“Estes cadros reflicten o traballo de algo máis de dous anos. Neste proceso superpónense capas de óleo sobre diferentes superficies: aluminio, tea ou papel.

Trátase de pensar a paisaxe dunha forma contemporánea, respectando a tradición da representación da mesma, tanto dende o punto de vista temático como procesual.

Estas obras falan do que non aparece no cadre, de aí o título da exposición. O seu significado o temos que buscar fóra, nas inmediacións dos cadros, nas marxes. As distintas nubes e os distintos tamaños lévannos a distintas localizacións e situacións.

Busco a complicidade do espectador, que teña que adoptar un posicionamento activo, descubrir as múltiples capas de significado que hai detrás das obras e que se poida sentir interpelado en cuestións que nos atinxen a todos máis ca nunca pola situación en que vivimos. Non se trata de documentar cada obra, senón se sentírmonos partícipes reflectindo unha situación de denuncia e compromiso.

O mostrado, quizais sexa politicamente ambiguo, pero este posicionamento paréceme importante, xa que hai outros medios más axeitados para unha declaración política clara, e a expectativa de claridade ou lexibilidade nas obras de arte é unha posición política en si mesma.

As nubes invaden praticamente toda a superficie pictórica coma se se tratase dunha explosión. O encadre pechado e a ausencia dun horizonte que as sitúe no espazo eliminan toda posibilidade de coñecer a súa procedencia e as súas dimensións. Esta descontextualización permítenos relacionar a amálgama de formas coa representación dunha explosión, erupción, contaminación... dándose a dualidade de beleza cunha inquietante presenza.

Son pezas quen de nos facer proxectar, quen de nos facer ver, de nos comunicar unha perspectiva da realidade, do tempo no que vivimos. Proxectar na nube algo que aí non está.”



Bosco Caride. *Sen título*, 2024. Óleo sobre tea, 195 x 400 cm.

SOBRE O ARTISTA

Bosco Caride (Vigo, 1963) é licenciado en Belas Artes pola Universidad de Salamanca. As súas exposicións individuais dos últimos anos inclúen *El ojo de la caja mágica*. Galería Trinta (Santiago de Compostela, 2016); *Dry Vans*. Galería Líliput (Vigo, 2013); *Paisajes Construidos*. Galería Rayuela (Madrid, 2011); *Refugios*. Galería PM8 (Vigo, 2010); *Refugios*. Galería Trinta (Santiago de Compostela, 2008); *Recuerdos de mi ciudad*. Galería PM8 (Vigo, 2007) / Centro Cultural Diputación de Ourense (2006); e varias mostras individuais en Galería Ad-Hoc (Vigo) entre 1999 e 1991.

Participou en numerosas mostras colectivas, como *Galicia Futura*. Museo Centro Gaiás (Santiago de Compostela 2021); *A propósito do debuxo*. Centro Torrente Ballester (Ferrol 2015); *Coma na casa. Relatos creativos sobre o fogar expandido*. Pazo de Tor (Monforte de Lemos, Lugo, 2015); *O bosquexo do mundo*. Fundación Seoane (A Coruña, 2014); *Afluentes. A figuración na arte galega desde os anos setenta*. Centro Cultural Novacaixagalicia, Vigo / Centro Torrente Ballester, Ferrol / Fundación Novacaixagalicia, Santiago de Compostela (2013); *O bosquexo do mundo*. MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo / Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela (2013); *Start*. Galería Liliput (Vigo, 2012); *Arquitectura como utopía, ruina y abstracción*. Centro Torrente Ballester (Ferrol, 2012); Galería Rayuela (Madrid, 2012); *Radiador. Nueva figuración en Galicia*. Fundación Laxeiro (Vigo, 2012); *Art Madrid*. Galería Rayuela (Madrid, 2012); *Coordenadas*. Caixanova (Vigo, 2012); *Panorama*. Galería Rayuela (Madrid, 2011); *Espacio Atlántico*. Galería PM8 (Vigo, 2011); *El hombre y su entorno*. Galería Rayuela (Madrid, 2011); *Abreveverba*. Kiosco Alfonso (A Coruña, 2011); *Art Madrid*. Galería Trinta (Madrid, 2011); *Abreveverba*. Casa das Artes (Vigo, 2010); *Paisajes Artificiales*. Galería May Moré (Madrid, 2010); *Vigo é cor*. Centro Cultural Caixanova (Vigo, 2010); Galería la Máquina (Sevilla, 2010); *Art Madrid*. Galería Trinta (Madrid, 2010); *Espacio Atlántico*. Galería Trinta (Vigo, 2010); *Teleprompter*. Centro Torrente Ballester (Ferrol, 2009); *Novamente*. Centro Cultural Deputación de Ourense (Ourense, 2008); *Uno más uno, multitud*. Doméstico 08 (Madrid, 2008); *Fragmentos del Todo. Arte Español Actual de la Colección MACUF*. Instituto Cervantes (Sofía, Bulgaria, 2008); *Paperback*. MARCO, Museo de Arte Contemporáneo, Vigo / Fundación Luis Seoane, A Coruña (2007); *Pintura mutante*. MARCO, Museo de Arte Contemporánea (Vigo, 2006); Encontro-Feira *Proxecto Edición*. Pazo da Cultura (Pontevedra, 2006); IX Mostra Unión Fenosa (A Coruña, 2006); V Bienal de Artes Plásticas Rafael Botí (Córdoba, 2006); Premio de pintura COAAT Principado de Asturias (Xixón, 2006), entre outras.

6

Entre os premios e distinciones, cóntanse o 3º Premio IX Mostra Unión Fenosa (2006); Premio Adquisición Exposición Internacional de Artes Plásticas, Valdepeñas (2007, 2005); Bolsa Intervención Artística na Natureza, Covelo, Pontevedra (2001); Premio Adquisición 1ª Bienal de Pintura de Ourense, Premio Prego de Oliver (1995); Mención do Xurado XXI Bienal de Arte, Pontevedra (1990); 2º Premio Certame de Pintura Concello de Cambre, A Coruña (1989); e Beca VIII Bienal Internacional de Arte de Pontevedra, Novos Valores (1989). A súa obra está presente en museos e coleccións como Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa, A Coruña; Colección ABANCA, Vigo; Deputación de Pontevedra; Deputación de Ourense; Concello de Cambre, A Coruña; e Museo Provincial de Ourense.

+INFO en <https://boscocaride.com>

INFORMACIÓN XERAL / DOCUMENTACIÓN / ACTIVIDADES

Horarios apertura

De martes a sábados (festivos incluídos), de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00
Domingos, de 11.00 a 14.30

Catálogo

Con motivo desta mostra, o MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, editarán unha publicación que, xunto a imaxes das obras en exposición, incluirá textos do comisario, de Ignacio Pérez-Jofre, do director do MARCO e do artista.

Programación para escolares

Colabora: Fundación “la Caixa”

Ata o 14 de xuño de 2024

Horario: de martes a venres de 10.00 a 11.30 e de 11.30 a 13.00

Previa cita: tel. 986 113900 Ext. 200 / 986 113900 Ext. 308 / Correo-e: comunicacion@marcovigo.com

Obradoiros infantís

Colabora: Fundación “la Caixa”

Ata o 25 de maio de 2024

Horario: sábados de 11.00 a 12.30 (de 3 a 6 anos) e de 12.30 a 14.00 (de 7 a 12 anos)

Previa inscrición: tel. 986 113900 Ext. 200 / Correo-e: recepcion@marcovigo.com

7

Información e visitas guiadas

O persoal de salas está dispoñible para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais: todos os días ás 18.00 / Visitas ‘á carta’ para grupos, previa cita.

Rutas interactivas a través da App Vigo

O sistema de rutas interactivas a través da App Vigo permite aos visitantes acceder a todo tipo de contido sobre a exposición (vídeos, imaxes, información específica sobre as obras), sexa no propio espazo mediante os beacons ou dispositivos bluetooth situados en salas, ou en calquera outro lugar, seguindo a ruta dende a pantalla do móvil unha vez descargada a aplicación, ou dende o seu equipo a través da web do Concello de Vigo.

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 113900 ext. 308 / 886 129061

comunicacion@marcovigo.com